

PEZA DO MES

xuño

2001



XARRA CERÁMICA.

ENXOVAL DUNHA CISTA DA PRAIA DA ROLA
(MUGUEIMES, MUIÑOS).

NUN ENTERRAMENTO DA IDADE DO BRONCE INICIAL,
FORMADO POR UNHAS LAXAS DE GRANITO, CHANTADAS
DELIMITANDO UN RECTÁNGULO. APARECEU ESTA PEZA E
OS RESTOS OSEOS CALCINADOS.





PRAIA DA ROLA. MUGUEIMES. SITUACIÓN DA CISTA NO SEU ENTORNO.

XARRA CERÁMICA

Unha chamada urxente de don Xabier Perdiz Álvarez no mediodía do dezaseis de setembro de mil novecentos noventa e seis, alertábanos sobre unha posible descuberta na praia da Rola, nas beiras do embalse das Conchas, que nesas datas se encontra bastante baixo, xa que un coche todoterreo afundira unha pedra e por baixo dela se albiscaba o que podía ser unha cerámica. pola súa descripción parecía tratarse dunha cista, así que pola tarde nos achegamos ó lugar na súa compañía e na de don Rubén Perdiz e don Xurxo Gamallo Santos, identificando efectivamente unha cista, formada por cinco lousas, pequenas, irregulares, chantadas e cubertas parcialmente por outras dúas horizontais, vencidas polo peso da roda.

Debido a súa situación, nun punto onde estaba moi accesible e con risco evidente de deterioro, procedimos á recuperación dos materiais do interior da mencionada cista, e, posteriormente, a das pezas de pedra que a forman para o seu ingreso no Museo.

A cista aparecía coma unha caixa cuadrangular, feita por pedras chantadas, dúas nun dos lados menores, con outra de apoio, e dúas facendo de cuberta, lixeiramente cedidas. Ó levantar a pedra da cuberta que cedera, aprecia-

mos que o interior estaba intacto, ofrecendo unha superficie uniforme de terra mol, destacando un círculo perfecto que corresponde á boca da xarra cerámica, no ángulo sudeste. A terra do interior da cista, sen compactar e fácil de remexer (co apelmazamento propio da humidade e do chubasco do momento), recolleuse na súa totalidade en bolsas e só poidemos distinguir, cara ó ángulo nordeste, algunhas manchas blanquecinas. A medida que se limpaba o vaso, poidemos ver como lle fallaba un fragmento na panza, que apareceu a carón da asa -fracturada en tres partes-, asentada sobre a laxa pétreo que forma a súa base. Non se recolleu ningún outro elemento, e logo, unha vez no Museo e peneirada a terra, só se identificaron un conxunto de pequenos elementos, de cor branca, que corresponden a restos óseos, calcinados previamente, nos que se atopan algúns fragmentos atribuíbles á calota craneana polos restos apreciables das suturas.

A peza cerámica é unha xarra con perfil en S, corpo globular e colo desenvolvido, con asa de cinta que sae da panza (onde se insertou mediante boton clavado na parede, punto polo que se rompeu) e acada o borde, cun tipo semellante o que é doado ver nalgúns pezas das cistas da Pedrosa e doutros xacementos galegos. O seu interior, unha vez valeirado e peneirado, non forneceu material de ningunha clase agás esquirlas dunha rotura no borde interno da peza cando rompeu o asa.

Encontrámonos, pois, de diante dunha cista, con enxoval cerámico, moi semellante ós outros exemplos de cistas do primeiro Bronce en Galicia: A Pedrosa (Cualedro) e Forxa (Orrios), ou Gandón 1 (Cangas), Agro de Nogueira (Toques), Coitemil (A Golada), O Cubillón (Xermade), e formalmente tamén daquelas outras nas que teñen aparecidos cerámicas e obxectos metálicos como Taraio (Malpica) e As Antas (Rodeiro), ou tan só metálico: Fariñas (Santa Comba), Atios (Porriño); metálico e pétreo: Carnota 1, ou pétreo: A Insúa (Cabana).

A presenza de restos óseos calcinados pónnos en relación cun ritual de cremación previo, documentado en Agro de Nogueira ou Gandón, namentras que a forma da cerámica entróncase con algunhas das da Pedrosa, fornecendo, a traveso da análise pormenorizada das formas e asociación de tumbas e dos seus enxovais, datos para a interpretación dos seus rituais e tamén para comprender a sociedade da época.

Atendendo ós elementos comparativos cremos situarnos ante unha cista, con enterramento individual, con restos de cremación previa


dencia outros moi próximos, un a douscentos metros cara o leste -materiais de cronoloxía galaicorromana- e outro, para o solpor, algo máis distante, con achados avulsos de cerámicas lisas e decoradas asignables á Idade do Bronce antiga. Esa falla de documentación previa pódese atribuír a súa situación por baixo da cota de ocupación habitual das augas, do mesmo que a súa decoberta ó sube-baixa do nivel do encoro.

No lugar, na parte que deixan á vista as augas do encoro cando baixan, existe unha suave pero continua pendente no que o traballo das augas, co seu sube-baixa, vai descubrindo en pequenos escalóns a cobertura inferior do terreo, aflorando liñas de cantos rodados en dous niveis diferentes, podendo identificarse entre eles algúns útiles de tipo paleolítico sobre cantos de cuarcita: núcleos, algún bifaz, etc.

Nesa rasa con suave pendente destaca unha cresta transversal, menos desmontada e máis rocosa, onde se situaba a cista descuberta, aparecendo outras afloracións con agrupacións de pedras de grao e esquistos que poderan pertencer a outras cistas, sobre todo catro, situadas cara o nordeste da identificada e levantada e



A CISTA ANTES DA SÚA APERTURA.



INTERIOR DA CISTA SEN A CUBERTA.

atribuíble ó horizonte do bronce inicial, cunha cronoloxía que debemos situar entre os anos 1900-1500 a.C. , e que responde a unha das formas dos diversos rituais de enterramento que coa súa ampla variabilidade, segundo a opinión de Cuevillas, define un dos rasgos peculiares desa etapa en Galica e no NW. Peninsular, con vínculos e relacións con fenómenos coetáneos doutros finisterres atlánticos.

O emprazamento non figuraba expresamente entre os localizados e identificados previamente nos traballos da catalogación arqueolóxica do Concello de Muíños, que, pola contra, si evi-

onde se ven aflorando laxas prismáticas de granito a xeito de esteos das cistas, indicativo dun cementerio, ó xeito doutros descubertos e que, coidamos, debería ser obxecto de estudo. Xa que logo, propúxose daquela a realización dunha prospección sistemática do entorno; proposta reiterada dous anos máis tarde, cando se tiveron noticias pola prensa dunha reforma na Praia da Rola, sen ter resposta e sen que conste que se adoitase calquer iniciativa, o que pon en risco o axeitado coñecemento dun conxunto singular.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-539-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

